




Área / Unidad REHABILITACION Y VIVENDA RV1000 JBP	Documento 10617I04LK	
Código de verificación  3X6D 3Q2J 4V4V 2I6E 10DP	Expediente 106/2022/251	
	Fecha 30-10-2023	

## CONVOCATORIA 2023 DE AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN, A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA E A ACCESIBILIDADE EN EDIFICIOS DE VIVIENDAS

### INSTRUCCIÓN PARA A EMISION DE INFORMES TÉCNICOS

Tras iniciarse a tramitación dos expedientes de axudas da convocatoria 2023-2024, xurdiron problemáticas interpretativas en relación a varios conceptos ademais doutras situacións derivadas dos criterios de tramitación do título habilitante polo departamento de Licenzas en relación á documentación aportada nos expedientes da súa competencia que inflúen na tramitación das axudas.

Esta instrución interpretativa pretende axudar na tramitación dos expedientes e facilitarlle a Oficina Técnica uns criterios unificados no que atinxe á emisión dos preceptivos informes técnicos nesta materia.

Neste senso, considéranse os seguintes apartados nos que se aprecian discrepancias e dificultades:

#### 1.- ORZAMENTOS COMPARABLES

Enténdese que os orzamentos presentados e admitidos na tramitación son comparables entre si cando a súa desagregación en partidas e medicións permita verificar que se refiren ás mesmas obras para as que se solicita o título habilitante.

Para este efecto, tamén admitiranse orzamentos alzados, que inclúa referencia expresa a todas as partidas e medicións que figuren no orzamento incluído nos documentos técnicos achegados na tramitación do título habilitante, e que definan a obra obxecto da solicitude de axuda.

#### 2.- DISCREPANCIA ENTRE O CUSTO DA ACTUACION QUE FIGURA NO TITULO HABILITANTE E NA SOLICITUDE DE AXUDA

Ante unha discrepancia manifesta (entendida como unha diferenza substancial, no xustificable por razón de variacións dos prezos de mercado) entre o custo da actuación sinalado no expediente do título habilitante e no de axuda, actuarase do seguinte xeito:

- Se a diferenza é só económica, porque os documentos técnicos e os orzamentos se refiren á mesma obra, para o cálculo do custo subvencionable tomarase como referencia o orzamento contido no título habilitante (proxecto, de ser o caso). No suposto de que a oferta elixida pola propiedade sexa inferior tomarase tamén este orzamento como referencia para o cálculo do custo subvencionable.
- Se a diferenza deriva de que os documentos técnicos que constan no título habilitante e os orzamentos achegados corresponden a obras diferentes, informarase en sentido desfavorable, por non referirse a solicitude da axuda á mesma obra obxecto do título habilitante.

Se a obra estivese executada e non se correspondese coa que foi obxecto do título habilitante, informarase sobre esta circunstancia por se fose constitutiva dunha infracción urbanística.

- c. As actuacións obxecto do título habilitante deben recoller a totalidade dos conceptos e importes do proxecto para o que se solicita a axuda, incluíndo os correspondentes a equipos e instalacións que, aínda que puidesen ser separables, formen parte da actuación para a que se pide a subvención (por exemplo, caldeiras, ascensores, maquinaria).

Polo tanto, estes equipos e instalacións só serán subvencionables cando estean incorporados, incluído o seu importe, á documentación técnica aportada na solicitude do expediente do título habilitante. No caso contrario, calcularase o custo subvencionable excluindo o importe dos equipos e instalacións dos orzamentos que consten no expediente de axuda.

### **3.- VISADO COLEXIAL DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA PRESENTADA**

Cando pola natureza da intervención, esta non se corresponda cunha obra de edificación de acordo co establecido no artigo 2.2 da Lei 28/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), non requirirá o visado colexial ningún dos documentos técnicos que se acheguen na tramitación do expediente de axuda.

Cando pola natureza da intervención, esta corresponda cunha obra de edificación consonte o previsto no precepto citado, e na tramitación do título habilitante a documentación técnica fora admitida sen visado, informarase a documentación técnica achegada ao expediente de axuda, incluídos a acta de inicio e a certificación final das obras executadas, co mesmo criterio aplicado polo departamento de Licenzas, sen que sexa necesario requirir o visado colexial en ningún dos documentos técnicos que se acheguen na tramitación do expediente de axuda.

### **4.- ACREDITACION DA CORRECTA EXECUCION DA OBRA OBXECTO DE AXUDA**

En relación coa documentación técnica que se deba presentar para xustificar que as obras están correctamente executadas, en orde á tramitación do pagamento da subvención, no apartado 7.6 da convocatoria 2023, interprétase que:

Para o único efecto de xustificar no procedemento de subvención que as obras para as que esta se solicita están correctamente executadas, considerase válida a documentación técnica que se debe presentar sempre que estea asinada por calquera dos/das técnicos/as da dirección facultativa cuxo nomeamento conste no expediente do título habilitante.

O mesmo criterio aplicarase ao resto da documentación técnica que se presente para a tramitación da axuda, incluída a necesaria para acreditar o inicio da obra.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O xefe da Oficina Técnica do Servizo de Rehabilitación e Vivenda

Jose Manuel Botana Penas

O xefe do Servizo de Rehabilitación e Vivenda

Alberto M. Vázquez Aguilar

A directora da Área de Urbanismo

Gloria de la Montaña Alcántara-García